

CULPABLES Francisco Espinosa pensa se será posible escribir a historia dos 'verdugos' do franquismo se mesmo hoxe en día "non se poden nomear"

"Un pasado mal resolto"

O historiador aborda en 'Callar al mensajero' os procesos xudiciais contra doce estudiosos da memoria histórica

V. Oliveira · Compostela


"Existe un pasado mal resolto. Temos unha xustiza na que quedan pousos de fidelidade ao movemento do 18 de xullo e gobernos que non quixeron entrar na memoria histórica. O pasado recente pasou a mellor vida coa Amnistía de 1977 porque con ela lánzase a mensaxe de que non hai delitos nin culpables dos crimes franquistas". Nestes termos cifrou o debate sobre as dificultades de investigadores, xornalistas e historiadores á hora de investigar a represión que se sucedeu tras o Golpe de Estado de 1936, o historiador estremeño Francisco Espinosa, que onte presentou en Compostela e no Grove o seu libro *Callar al mensajero*, editado por Península.

Espinosa—coordinador científico do proxecto para a consulta de represaliados polo franquismo, *Todos los Nombres de Andalucía*—estivo acompañado polo catedrático de Historia e investigador principal do traballo *Nomes e Voces*, Lourenzo Fernández Prieto, e polo investigador e coordinador deste proxecto, Dionisio Pereira. Este último é o protagonista dun dos episodios que o profesor recolle no libro, cando foi denunciado por familiares dun suposto represor por nomealo no marco das súas pescudas sobre a represión en Cerdedo.

Xunto ao seu, Espinosa recolle doce casos—tres deles galegos—nos que os seus protagonistas tiveron que enfrontarse a problemas xurídicos: no caso dos historiadores, por desvelar o nome dos represores e no caso dos familiares, por tentaren resarcir a dignidade das vítimas. Casos que arrincan na transición e chegan até a actualidade cun punto en común: "Non se pode nomear os asasinados", resalta Espinosa.

"Se o mundo xudicial alberga defensores do franquismo e se o mundo académico ve como unha desviación a memoria histórica, que nos queda?", pregúntase o investigador que formula se algún día será posible escribir a historia dos "verdugos", non só a das vítimas como se fixo até o de agora.

A esta conclusión chegou Espinosa a través da análise de casos como o que viviu o cineasta Fernando Ruiz Vergara nos anos 80 coa censura á que foi sometido o seu documental *Rocío*. O cineasta viuse obrigado a 'mutilar' os fragmentos de dúas testemuñas que poñían nome aos que participaron nos 'paseos' e asasinados durante a Guerra Civil. Mesmo o propio Ruíz Vergara "autocensurárase xa que decidiu que non podía



Francisco Espinosa coordina o proxecto 'Todos los Nombres' en Andalucía

OITO PUNTOS DE "HIXIENE DEMOCRÁTICA"

Dionisio Pereira: "Ocultar o pasado fai responsables as familias dos represores"

Dionisio Pereira considera que "a negativa a asumir o pasado por parte das familias dos represores devén case sempre nun labor de intoxicación". Ao seu ver, "cando se comeza a recuperar e dar a coñecer os brutais acontecementos dos seus antepasados, a dor sobrevida ten que ser un sentimento respectado, sempre e cando non impida o coñecemento do pasado".

Malia recoñecer a "ausencia de responsabilidade destes familiares respecto dos feitos", si considerou que os devanceiros dos represores son responsables cando "intentan ocultar o pasado porque este ameaza a súa consi-

deración social". O investigador reivindicou unha serie de puntos "mínimos" de "hixiene democrática": "a derogación da Lei de Amnistía do 77, que o Estado asuma os crimes do franquismo como crimes de lesa humanidade e se anulen as sentenzas dos tribunais franquistas, que o Estado asuma a súa responsabilidade na exhumación das fosas, que se cree unha Comisión da Verdade para investigar a memoria, que a identificación dos represores non se penalice, a eliminación da simboloxía franquista, que se recuperen os arquivos militares e un maior amparo da liberdade dos investigadores".

"O COÑECEMENTO FAINOS LIBRES"

Lourenzo Fernández Prieto: "A honra non é unha cuestión que se herda"

O historiador Lourenzo Fernández Prieto reivindicou onte "o dereito á polémica e a polemizar" sobre os feitos históricos. Ao seu ver, "é un problema hoxe en día que siga sendo legal que entre 1936 e 1975 se procesara e fusilara a milleiros de persoas". De feito, na súa opinión, "o franquismo utilizou o mar-

co legal liberal para destruír a democracia e os demócratas". O historiador lembrou, coas palabras de Suso de Toro, que "a honra non se herda" en referencia ás familias dos represores e defendeu a investigación sobre a memoria histórica porque só "o coñecemento nos fai libres".

incluír unha gravación na que se lles poñía cara ás 82 Escuadras Negras encargadas da represión en Almon-te". O caso de *Rocío*, que foi tratado abundantemente nos medios de comunicación, representou "unha advertencia para testemuñas e investigadores porque o medo fixo que a xente fose remisa a falar", apunta Espinosa. Ao mesmo tempo que "lle facían a vida imposible" a Ruíz Vergara, a xustiza española dos anos oitenta defendía o caso de Violeta Friedman, "unha xudía fronte a un nazi católico belga que negaba o Holocausto e que fora acollido en España".

Nos últimos dez anos de emerxencia dos estudos sobre memoria histórica, Espinosa aborda tres casos galegos ou vencellados a Galicia, denunciados por desvelar os nomes dos 'represores': como Santiago Macías que foi demandado en dúas ocasións; o xa falecido Ramón Garrido, que escribira un texto autobiográfico no que se facía referencia á actividade represora do alcalde do Grove e, tras figurar na rede, foi retirado por un xuíz tras a denuncia da súa familia; e Alfredo Grimaldo que foi demandado por partida dobre nos anos 80 e agora volve estar inmerso nun proceso xudicial acusado pola familia Rosón.

Ao mesmo tempo, Espinosa denuncia que "o boom da memoria histórica foi moi rendible para algunha xente que se está a faltar de vender libros" como "Rafael Torres que copia cousas doutros libros ou María Antonia Iglesias, unha especialista do periodismo de investigación "alleo". Nestes casos e noutros, asegura o historiador, "a prensa case sempre sae mal parada".

Ademais, Espinosa detecta unha serie de "tendencias" que poñen en tea de xuízo as investigacións sobre memoria histórica xa que dan a entender que "o pasado é impenetrable". Frases como "o pasado está pechado e o mellor é esquecelo" que, segundo afirma Espinosa, se escoitan dende o mundo xudicial, político e académico. "Hai investigadores que nunca estudaron a represión e pídennos que utilicemos termos como fascismo ou revisionismo con propiedade ou mesmo moita xente ve lóxico que lle pasara o que pasou á xente do libro", critica o historiador. Voces que, segundo denuncia, chegan a escoitarse mesmo dende o ámbito universitario. "Din que o historiador non é xuíz nin parte, como se deba manterse por riba do conflito e non tomar partido", engade.

Por último, Espinosa lembrou que o caso 'trece' do libro que falta no seu libro porque saíu cando xa o rematara é o de Garzón, denunciado polo sindicato ultradereitista Manos Limpas. "Non sería de estrañar que o maxistrado tivera que ir declarar por definir xudicialmente o franquismo", afirma o historiador. ●

FEIRA

■ A súa pegada na sociedade, a debate

O catalán, convidado na Expolangues de París

A lingua catalá será a invitada de honra da próxima edición da feira Expolangues de París, que terá lugar do 3 ó 6 febreiro. O director do Instituto Ramon Llull (IRL), Josep Bargalló, sinalou onte que "a presenza da lingua catalá en París terá un significado especial porque é coñecida a tradición francesa en relación ás linguas que non son de Estado".

Baixo a lema *O catalán, a lingua de 10 millóns de europeos*, o IRL organizará, dixo Bargalló, o pavillón central de Expolangues, onde nuns 100 metros cadrados se "informará sobre a presenza do catalán en Internet e nos programas informáticos, así como da oferta de cursos de lingua catalá en 15 universidades francesas".

Con máis de 25.000 visitantes e uns 200 expositores que representan máis de sesenta linguas de vinte países, Expolangues é un referente no ámbito da educación. O obxectivo de Expolangues, segundo lembrou Bargalló, é presentar as diversas posibilidades de aprender un idioma e informar das culturas, das características lingüísticas e dos programas de educación das linguas que participan na feira. ● EFE

DIRECTORES

■ Por atacar os filmes de baixo presuposto

Estudan impugnar a Orde Ministerial da Lei do cine

Cineastas contra el Orden, a plataforma de profesionais do sector á que se uniron máis de 200 directores, entre outros Javier Rebollo, Isaki Lacuesta, Miguel Albadalejo ou Chema Rodríguez, decidiu estudar a posibilidade de impugnar a Orde Ministerial pola que se vai desenvolver a Lei do cine, cuxo texto o Ministerio de Cultura deu por concluído a semana pasada. "Non sabemos exactamente o mecanismo, pero imonos informar, porque poder pódese impugnar", detallou Chema Rodríguez. A maior preocupación desta plataforma segue sendo que, coa Orde que está redactada, vanse deixar de facer películas "pequenas e medianas". ● E.P.